



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A
REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE
PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO
2018**

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2018

R E U N I O D S

Marta Míguez Telle, secretaria xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, no uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Rafael Louzán Abal, presidente da Real Federación Galega de Fútbol na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.

E X P O Ñ E N

- I. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no artigo 5 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- II. A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, regula no seu artigo 51.1 as federacións deportivas galegas, configurándose estas como entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- III. Segundo o establecido no artigo 51.5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade, exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas establecidas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración.
- IV. Neste marco das funcións federativas, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, subscibir o convenio de colaboración coa Real Federación Galega de Fútbol para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2018, concretado nas actuacións recollidas neste documento, atribución que ostenta esta, en réxime de exclusividade.
- V. O interese público deste convenio radica, con carácter xeral, na necesidade de promover o deporte dando cumprimento ao establecido na *Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*, dada a importancia que ten o deporte na sociedade actual como actividade cidadá voluntaria, como ferramenta educativa, como elemento crucial no desenvolvemento harmónico das persoas e no seu equilibrio físico e psicolóxico e como elemento que contribúe ao establecemento de relacións plenas do individuo co grupo e dos grupos entre si.

Para tal efecto, as partes subsciben este convenio que se suxeitará ás seguintes

C L Á U S U L A S

Primeira.- Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é establecer para o ano 2018 as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Real Federación Galega de Fútbol.

Con este convenio a Secretaría Xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva para a anualidade 2018, co fin de fomentar o deporte e a actividade



física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego tal e como queda reflectido, en termos de actividade e económicos, na ficha I, Reparto orzamentario por programa, do presente convenio.

En todo caso, e non obstante esta concreción, sempre que o interese deportivo así o aconselle, poderá procederse, logo da solicitude motivada da federación e da autorización expresa e por escrito da Secretaría Xeral para o Deporte, á modificación dos termos da referida ficha I do presente convenio, modificación esta que, en ningún caso, poderá supor incremento da contía total establecida.

Segunda.- Financiamento e importe da axuda.

2.1. Co fin de cumplir o establecido na cláusula primeira, a Secretaría Xeral para o Deporte concédelle á Real Federación Galega de Fútbol unha subvención por un importe máximo de ata 228.715,00 euros, imputables á aplicación orzamentaria e á anualidade que de seguido se identifican:

04.40.441A.481.0.
Anualidade 2018

2.2. No suposto de que a federación presente unha renuncia expresa por imposibilidade de realización dalguna actividade recollida no programa "Proxectos de especial relevancia" dará lugar á perda de dereito ou reintegro da cantidade asignada, a non ser que a federación solicite a realización doutra actividade de características similares e lle sexa expresamente concedida pola Secretaría Xeral para o Deporte, en cuxo caso se mantería a contía da subvención.

Terceira.- Concorrencia con outras axudas.

A presente subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar a federación para a realización das actuacións obxecto deste convenio sempre que a suma de todas as subvencións e axudas non superen os gastos assumidos pola federación con motivo das ditas actuacións.

Cuarta.- Obrigas da federación.

4.1. Xunto ás obrigas legais que se derivan dos ámbitos materiais das subvencións, contratación e calquera outros que lles sexan de aplicación, así como as demais establecidas no convenio, son obrigas da federación o cumprimento dos seus termos, así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos correspondentes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

4.2. Para a sinatura, seguimento e control do convenio, é requisito indispensable a presentación da documentación por medios electrónicos a través do formulario normalizado disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), para o procedemento PR954A, Convenios coas federacións deportivas galegas para a realización de programas de promoción e desenvolvemento.

Se a persoa representante da federación entrega a súa solicitude presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación da documentación poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Para a sinatura, seguimento e control do convenio, é requisito indispensable a presentación da documentación conforme a Resolución do 26 de Xan de 2018 pola que se establece o formulario de presentación de documentación do procedemento dos convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as federacións deportivas galegas para a realización dos programas de promoción e desenvolvemento das súas modalidades deportivas.

4.3.Documentación que se debe presentar:

- a) Anexo I.- Documento de solicitude para a firma do convenio, onde se atopa recollido, entre outros datos, o seguinte:
 - Declaración doutras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos, ou privados, nacionais, da UE, ou doutros organismos internacionais.
 - Declaración de non atoparse ~~en~~ ~~inclusa~~ en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



- Declaración de non atoparse incursa en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativas concordantes.
- Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Declaración de estar cumplindo coa Resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das federacións deportivas de Galicia.
- Certificación de estar cumplido, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a través da inclusión na web federativa da totalidade de información segundo o anexo VI reflectido neste convenio.
- Declaración de que todas as persoas vinculadas á federación con motivo do desenvolvemento do programa de fomento e promoción da modalidade deportiva no ano 2018 que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistrio Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
- Declaración de adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral de Igualdade.
- Declaración responsable dos datos da conta bancaria onde se efectuarán os pagamentos.

No caso de que as persoas interesadas se opongan a súa consulta deberán achegar os seguintes documentos:

- DNI ou NIE da persoa representante.
 - NIF da entidade.
 - Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT.
 - Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social.
 - Certificado de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- b) Anexo II.- Relación inventariada do material deportivo da federación, indicando o seu uso, estado de conservación e localización.
- c) Anexo III.- Relación de documentos e declaracíons para o cobro do 2º anticipo.
- d) Anexo IV.- Relación clasificada dos gastos e investimentos das actividades.
- e) Anexo V.- Relación de documentos e declaracíons para a xustificación do segundo pago.
- f) Facturas do gasto incorrido, así como os documentos bancarios acreditativos do seu pago.
- g) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados relacionándooas coas actividades deportivas realizadas.
- h) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.

4.4. Con carácter posterior á firma do convenio, a federación estará suxeita as seguintes obrigas:

4.4.1. Obrigas de carácter xeral

- a) Facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacións de comprobación da Secretaría Xeral para o Deporte así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción. A Federación queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia e, se fose o caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, aos procedementos de enxuizamento contable que poida iniciar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.



- b) Comunicarlle ao órgano concedente a modificación de calquera das circunstancias tanto obxectiva como subxectiva que afectase a algúns dos requisitos ou parámetros tidos en conta na valoración do proxecto presentado con motivo da elaboración do convenio, especialmente ao concernente os datos introducidos na aplicación <http://fedgalicia.com>.
- c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, para o efecto das actuacións de comprobación e control.
- d) Dispoñer do libro de contabilidade establecido no artigo 43 da Lei 3/2012, do 2 de abril.
- e) Asegurar a presenza da Secretaría xeral para o Deporte en termos publicitarios:
- Incluir a identidade corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte en toda a publicidade que realice a federación, sexa por cartelería, a través dos medios de comunicación ou calquera outro soporte utilizado, incluída internet para a difusión da súa actividade, facendo fincapé na colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte. Do mesmo xeito, a federación deportiva deberá responsabilizarse da presenza publicitaria nos diferentes eventos do seu calendario, independentemente da delegación da organización destes noutra entidade deportiva, empresa privada ou calquera outro posible organizador.
 - Incluir na súa páxina web un enlace ao programa "Eu son DGAN" da Secretaría Xeral para o Deporte.
 - Incluir nas tarxetas ou licenzas federativas, expedidas con posterioridade á firma do convenio, a imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte e facer constar nelas que o seguro de accidente deportivo é por conta da secretaría xeral, no caso de que a federación estea adherida á póliza do programa XOGADE para as persoas deportistas federadas de 6 a 16 anos.
 - Nos campionatos de España nas categorías en idade escolar convocados polo Consello Superior de Deportes así como nos eventos deportivos de carácter nacional e internacional, os deportistas integrantes das seleccións autonómicas deberán utilizar o equipamento (de xogo e paseo) atendendo ao manual corporativo da Secretaría Xeral para o Deporte.
- f) Presentar, antes do 30 de xullo do 2018, no Rexistrio de Entidades Deportivas, as contas anuais da federación formadas polo balance de situación, a conta de resultados e a memoria económica, así como a memoria descriptiva das actividades realizadas no exercicio económico 2017 (artigo 37 do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistrio de Entidades Deportivas).
- g) Subministrarlle á Secretaría Xeral para o Deporte, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, logo do requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral para o Deporte das obrigas previstas no Título I da citada lei.

4.4.2. Obrigas de carácter específico

- a) Executar o reflectido na ficha I de reparto orzamentario por programas.
- b) Comunicarlle á Secretaría Xeral para o Deporte, no prazo máximo de 5 días contados desde a obtención do resultado, os campións galegos e demais resultados importantes en competicións nacionais e internacionais acadados por deportistas con licenza federativa galega, así como calquera outro considerado de especial relevancia.
- c) Incrementar a práctica da súa modalidade deportiva no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, así como promover o incremento de clubs adscritos á federación e de licencias deportivas desta.
- d) Velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumplir o establecido na Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. En consecuencia, os premios que concede a federación ás persoas deportistas seránllles outorgados en condicións de igualdade por razón de xénero.
- e) Promover o incremento da participación daquel xénero cuxa práctica sexa minoritaria dentro da práctica deportiva desta federación.
- f) Colaborar, fomentar e facilitar a participación no deporte das persoas con algúna discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da Lei 3/2012, do 2 de abril.
- g) Posibilitar a participación inclusiva de todas as persoas deportistas independentemente da súa raza, inclinación sexual, ideoloxía, sexo, discapacidade, relixión e nivel de rendemento, con especial atención nas actuacións correspondentes ao programa de deporte en idade escolar.



- h) Incrementar o nivel deportivo dos deportistas galegos e os seus resultados de participación en competicións nacionais e internacionais, mediante a posta en marcha de plans de tecnicificación necesarios para tal fin e adaptados ás necesidades dos nosos deportistas.
- i) A participación dos equipos e deportistas da federación nas diferentes competicións e concentracións nacionais convocadas pola federación española.
- j) A realización dos campionatos galegos e competicións de ámbito autonómico que garanten a práctica da modalidade deportiva, tendo especial interese naquelas competicións de categorías inferiores encamiñadas ás persoas deportistas en idade escolar.
- k) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte.
- l) Velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.
- m) Velar polo cumprimento por parte das entidades deportivas afiliadas á federación, das obrigas establecidas con motivo da lexislación relativa á protección xurídica do menor e ao sistema de protección da infancia e adolescencia.
- n) Fomentar a posta en práctica de medidas encamiñadas á prevención de accidentes deportivos con especial atención á poboación en idade escolar.
- o) Garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacóns.
- p) Comunicarlle á Secretaría Xeral para o Deporte a intención de solicitar calquera competición de carácter nacional ou internacional, así como as datas e sedes de celebración dos campionatos galegos e outros eventos de relevancia, con polo menos dúas semanas de antelación, incluíndo os actos públicos e de comunicación relativos á súa presentación, garantindo a presenza institucional da Secretaría Xeral para o Deporte nestes eventos.

Quinta.- Pagamento.

O artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé achegas anticipadas como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O pagamento da presente subvención realizarase da seguinte forma:

- Un primeiro pagamento, de ata un máximo do oitenta por cento (80%) da contía total da subvención, tramitarse no momento da sinatura do convenio.
- Un segundo, equivalente ao tanto por cento restante, librarase unha vez xustificado o primeiro anticipo.

Calquera modificación da contía asinada aplicarase despois de ter percibido o primeiro anticipo e será incluída na xustificación do segundo pago.

Sexta.- Xustificación da subvención.

6.1. Prazos de xustificación.

De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a federación deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a xustificación dos pagamentos nos prazos fixados a continuación:

- a) A xustificación do primeiro pago:

Ata o 15 de xullo de 2018.

- b) A xustificación do segundo pago:

Con anterioridade ao 10 de decembro de 2018.

Se transcorresen estes prazos sen que a federación presentase a xustificación correspondente na Secretaría Xeral para o Deporte, requirírselle para que no prazo improrrogable de dez días a achegue. A falta de presentación da xustificación neste prazo levará a apertura dun expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.



6.2. Documentación que se debe entregar.

6.2.1. Na xustificación do primeiro pagamento, ata o 15 de xullo, a federación deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo II.- Relación inventariada do material deportivo da federación, indicando o seu uso, estado de conservación e localización.
- b) Anexo III.- Relación de documentos e declaracóns para o cobro do segundo anticipo.
- c) Anexo IV.- Relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme ao reparto orzamentario por programas recollido neste convenio.
- d) Facturas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola federación.
As facturas, salvo as correspondentes a gastos xerais, deberán facer referencia ao programa concreto ao que se atribúe o gasto segundo o establecido na ficha I deste convenio referida ao reparto orzamentario por programa.
- e) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados nesta xustificación relacionándoos coas actividades deportivas realizadas.
- f) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega dos documentos gráficos nos que quede constancia.
- g) Anexo VI

6.2.2. Na xustificación do segundo pagamento, con anterioridade ao 31 de decembro a federación deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Anexo IV.- Relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme ao reparto orzamentario por programas recollido neste convenio.
- b) Anexo V.- Relación de documentos e declaracóns para a xustificación do segundo pago.
- c) Facturas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola federación.
As facturas, salvo as correspondentes a gastos xerais, deberán facer referencia ao programa concreto ao que se lle atribúe o gasto segundo o establecido na ficha I deste convenio referido ao reparto orzamentario.
- d) Memoria económica explicativa de cada un dos gastos presentados nesta xustificación relacionándoos coas actividades deportivas realizadas.
- e) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega dos documentos gráficos nos que quede constancia.
- f) Anexo VI

6.3. De conformidade co establecido no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para o caso de importes inferiores a 1.000 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor. Esta posibilidade de xustificación por recibín queda limitada, en todo caso, aos ámbitos dos arbitraxes, axudas de custo e quilometraxes.

6.4. No caso de facturas que superen o importe de 9.000 € deberán achegarse polo menos tres orzamentos de tres empresas diferentes, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que realicen aa actividades obxecto do gasto ou salvo que o gasto se realize con anterioridade á sinatura do convenio. Os orzamentos deberán solicitarse e estat datados con anterioridade á contratación levada a cabo pola federación. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a



criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa..

6.5. De conformidade co artigo 8.2 da Lei de subvencións de Galicia, a federación poderá delegar nun club deportivo a organización total ou parcial dunha actividade deportiva ou competitiva, en cuxo caso este último terá igualmente a consideración de beneficiario. A xustificación económica das actividades realizadas polos clubes efectuarase a través da federación na que se integren. A federación, para xustificar os gastos nos que incorra o club, deberá achegar a seguinte documentación:

1. Convenio de colaboración co club no que conste expresamente que este último actúa por conta e representación da federación, para os efectos da subvención, e no que se concrete a actividade a desenvolver polo clube.
2. Acreditación de que o clube reúne os requisitos polo artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.
3. Memoria asinada polo representante legal do clube detallando todas as actividades realizadas e o custo de cada unha delas, acompañada das correspondentes facturas así como dos xustificantes bancarios dos pagamentos feitos polo club para a realización da actividade conveniada.
4. No caso de facturas que superen o importe de 9.000 € será de aplicación a previsión da cláusula 6.4 para os gastos no que incorra o club.

6.6. Os gastos consistentes en custos laborais, empregados na xustificación desta subvención, quedan suxeitos ás seguintes regras:

- a) Entenderase exclusivamente por custos laborais os consistentes nas remuneracións realizadas aos traballadores da federación e as súas correspondentes cotizacións obligatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF).
- b) Os custos laborais únicamente poderán imputarse como xustificación nos seguintes programas e coas seguintes limitacións:
 - No programa de Gastos xerais de funcionamento: os correspondentes a persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
 - No programa de Tecnificación no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) os correspondentes a persoal técnico ou adestrador con contrato a xornada completa. A xustificación deberá ir acompañada do contrato, nóminas e xustificación bancaria de pago.
 - Nos programas de Actividade deportiva ordinaria e Tokio 2020, de ser o caso, os custos laborais correspondentes a persoal técnico, adestrador e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo das persoas deportistas deste programa (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc) previamente asinados a cada programa.
- c) A xustificación dos custos laborais necesariamente está condicionada ás declaracions da persoa representante de que as persoas traballadoras cujos custos laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo durante o período comprendido polo presente convenio e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, no caso de que a federación teña en equivalentes niveis laborais traballadoras e traballadores.

6.7. Gastos por desprazamento, manutención e aloxamento.

- a) Os importes máximos subvencionables por gastos de manutención, aloxamento e desprazamento, sen prexuízo de que se lle aboén ás persoas traballadoras os importes previstos na regulación que lle sexa de aplicación, serán os previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia para o grupo II, modificado por varios decretos posteriores (96/2011, do 5 de maio, e 144/2008, do 26 de xuño), establecendo:
 - Manutención completa: 37,40 €
 - Media manutención: 18,70 €
 - Alozamento: 65,97 €
 - Quilometraxe en vehículo particular: 0,19 € / km
- b) Cando se presenten facturas que excedan destas cantidades, soamente será xustificable o importe establecido no decreto citado anteriormente.
- c) Para a xustificación de gastos de aloxamento, peaxes e aparcadoiro é preciso presentar as facturas xustificativas do gasto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.
- d) A xustificación farase coas correspondentes axudas de custo, facturas, facturas simplificadas e billetes de transporte, e incluirá en todo caso, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a



viaxe e a relación das persoas que viaxan e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a factura detallada dos servizos prestados e o documento acreditativo do seu pagamento.

6.8. Gastos asociados ao uso de vehículos federativos.

- a) No caso de que se imputen gastos de vehículos federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros...) a federación deberá achegar con cada xustificación, na memoria económica explicativa, a relación todos os vehículos federativos, detallando a que programas se imputarán os seus gastos. Se estes gastos son imputados a máis dun programa debe indicar que porcentaxe de imputación corresponde a cada un
- b) No caso dos gastos de combustible, na factura deberá figurar a matrícula do vehículo federativo. Se para os pagamentos se utilizan tarxetas de combustible, estas deberán ir vinculadas a un vehículo federativo, non a persoas concretas. No caso de facer os pagamentos con tarxetas bancarias federativas vinculadas a unha persoa concreta, a xustificación debe vir acompañada dunha certificación asinada polo secretario co visto e prace do presidente onde se relacionen as tarxetas de crédito vinculadas a contas da federación e os seus usuarios. Ademais, para cada desprazamento pagado deste xeito, deberá achegar unha certificación onde se especifique claramente cal é o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación das persoas que viaxan e a súa función, xunto coas correspondentes facturas e os seus pagamentos.

6.9. Para pagos realizados con tarxetas.

Se os pagamentos das facturas xustificativas da subvención se realizan cunha tarxeta bancaria persoal, deberase achegar unha certificación da federación onde se especifique claramente no caso de desprazamentos, o lugar de destino, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación das persoas que viaxan e a súa función, xunto coas correspondentes facturas e os seus pagamentos, así como a transferencia bancaria da federación á persoa titular da tarxeta.

6.10. Os documentos xustificativos de gastos e pagamentos deberán de estar datados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2018.

Séptima.- Gastos subvencionables.

Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes, entendendo que a relación é meramente enunciativa e non limitativa:

7.1. No programa Gastos xerais de funcionamento:

- a) As remuneracións do persoal da federación, e as súas correspondentes cotizacións obligatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), incluíndose nestes o persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
- b) Gastos de servizos profesionais independentes, entre outros: servizos de limpeza ou mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestoría laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable ou similar.
- c) Gastos de aloxamento, manutención e gastos de viaxe do persoal directivo pola asistencia a assembleas, reunións e comités técnicos ou similares. Non poderán incluirse neste apartado os desprazamentos ordinarios á sede federativa.
- d) Gastos da sede federativa: alugamento, pago de impostos, gastos de comunidade, consumos de explotación (auga, enerxía), material de oficina.
- e) Reparacións e conservación: reparacións na sede, mantemento de equipos (servizos informáticos, fotocopiadora, fax).
- f) Os gastos derivados da utilización dos vehículos e outros medios de transporte federativos (seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros...) que se imputen ao programa de gastos xerais.
- g) Comunicacións: páxina web, teléfono, internet, fax, mensaxería.
- h) Gastos bancarios: Gastos de póliza de créditos ponte.





- i) Seguros da sede, seguros de responsabilidade civil e outros seguros necesarios para levar a cabo o obxecto deste convenio

7.2. No programa **Tecnificación e Rendimento no CGTD**.

- As remuneracións do persoal técnico asociado a este programa e as súas correspondentes cotizacións obligatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), incluíndose nestes as persoas adestradoras con contrato.
- Os gastos derivados da utilización dos vehículos e outros medios de transporte federativos (aluguer ou renting, seguros, mantemento, reparacións, combustible, peaxes, aparcadoiros, ...) asociados este programa.

7.3. Nos programas **Actividade deportiva ordinaria e Tokio 2020**:

